



ORDENANZA FISCAL NUMERO 21

REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHICULOS DE TRACCIÓN ME- CÁNICA

Artigo 1º. FUNDAMENTO E NATUREZA

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 y 142 da Constitución e 106 de la Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e dos artigos 92 a 99 do RD Lexislativo 2/2004 de 5 de Marzo, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica que se rexirá polo diposto na devandita Lei e pola presente Ordenanza fiscal.

Artigo 2º. FEITO IMPOÑIBLE

1.-O Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica é un tributo directo que grava a titularidade dos vehículos desta natureza, aptos para circular polas vías públicas, calquera que sexan a súa clase e categoría.

2.- Considérase vehículo apto para a circulación o que fose matriculado nos Rexistros públicos correspondentes e mentres non tivese causado baixa nos mesmos. Para os efectos deste imposto tamén se considerarán aptos os vehículos provistos de permisos temporais e matrícula turística.

3.-Non están suxeitos a este imposto:

a) os vehículos que sendo dados de baixa nos Rexistros por antigüidade do seu modelo, poidan ser autorizados para circular excepcionalmente con ocasión de exhibicións, certames ou carreiras limitadas ós desta natureza.

b) os remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica de carga útil no superior a 750 kilogramos

Artigo 3º. SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas ou xurídicas e as Entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de Decembro, Xeral Tributaria, aquelas que no permiso de circulación teñen o vehículo a seu nome.

Artigo 4º. EXENCIÓNS

1.-Estarán exentos del impuesto según el artículo 93.1 do RD Lexislativo 2/2004 de 5 de Marzo, reguladora das Facendas Locais :

a) Los vehículos oficiales del Estado, comunidades autónomas y entidades locales adscritos a la defensa nacional o a la seguridad ciudadana.

b) Los vehículos de representaciones diplomáticas, oficinas consulares, agentes diplomáticos y funcionarios consulares de carrera acreditados en España, que sean súbditos de los respectivos países, externamente identificados y a condición de reciprocidad en su extensión y grado. Asimismo, los vehículos de los organismos internacionales con sede u oficina en España y de sus funcionarios o miembros con estatuto diplomático.

c) Los vehículos respecto de los cuales así se derive de lo dispuesto en tratados o convenios internacionales.

d) Las ambulancias y demás vehículos directamente destinados a la asistencia sanitaria o al traslado de heridos o enfermos.



e) Los vehículos para personas de movilidad reducida a que se refiere el apartado A del anexo II del [Reglamento General de Vehículos, aprobado por el Real Decreto 2822/1998, de 23 de diciembre \(LA LEY 340/1999\)](#).

Asimismo, están exentos los vehículos matriculados a nombre de minusválidos para su uso exclusivo. Esta exención se aplicará en tanto se mantengan dichas circunstancias, tanto a los vehículos conducidos por personas con discapacidad como a los destinados a su transporte.

Las exenciones previstas en los dos párrafos anteriores no resultarán aplicables a los sujetos pasivos beneficiarios de ellas por más de un vehículo simultáneamente.

A efectos de lo dispuesto en este párrafo, se considerarán personas con minusvalía quienes tengan esta condición legal en grado igual o superior al 33 por ciento.

f) Los autobuses, microbuses y demás vehículos destinados o adscritos al servicio de transporte público urbano, siempre que tengan una capacidad que exceda de nueve plazas, incluida la del conductor.

g) Los tractores, remolques, semirremolques y maquinaria provistos de Cartilla de Inspección Agrícola.

Para poder aplicar las exenciones a que se refieren los párrafos e) y g) del apartado 1 de este artículo, los interesados deberán instar su concesión indicando las características del vehículo, su matrícula y la causa del beneficio. Declarada la exención por la Administración municipal, se expedirá un documento que acredite su concesión.

2.-Estarán exentos do imposto os vehículos incluídos no artigo 94.1 da lei 39/1988 do 28 de decembro, reguladora das facendas locais (LFL)

3.. Respecto das exencións do IVTM que regula o artigo 94.1 da referida lei reguladora das facendas locais, no seu apartado e) regulase a “exención de vehículos matriculados a nome de minusválidos para o seu uso exclusivo. ésta exención aplicarásese mentres se manteñan as circunstancias, tanto ós vehículos conducidos por persoas con discapacidade como ós destinados ó seu transporte”

2.1. Será necesario para a sua concesión:

- instancia presentada polo interesado na que se solicite a exención.
 - Certificado de minusvalía emitido polo organo competente que teña atribuída tal facultade no momento de solicita-la concesión da exención
 - Copia compulsada do permiso de circulación do vehículo a nome do solicitante.
 - Copia compulsada da póliza do seguro vixente na que se sinale que o único conductor do vehículo é o solicitante da exención. Para o caso de que o vehículo sexa para transporte exclusivo do minusvalído, xustificante expedido polo solicitante de tal circunstancia e da persoa ou persoas encargadas do seu transporte.
 - Copia compulsada do último recibo de seguro vixente
 - Xustificación por escrito do destino do vehículo emitido polo minusvalído solicitante.
3. Unha vez concedida esta exención, o Concello reservase o dereito á comprobación de que subsisten as circunstancias que deron lugar á mesma.
4. Os interesados na concesión das exencións do artigo 94.1. apdos e) e g) da LFL deberán presentar a solicitude de exención con anterioridade a data do devengo do Imposto.

En caso contrario, a concesión da exención terá efectos desde o período impositivo seguinte ao da solicitude.

4. A concesión ou denegación das exencións do artigo 94.1. apdos e) e g) da LFL será efectuada pola Comisión de Goberno, previo informe do Servizo

Artigo 5º. BONIFICACIONES

1.- Gozarán dunha bonificación do 100% na cota os vehículos históricos, ou aqueles que teñan unha antigüedad mínima de vintecinco anos contados a partir da data da súa fabricación, tomándose como tal, si ésta non se coñecera, a da súa primeira matriculación o, no seu defecto, a data na que o correspondnete tipo o variante deixouse de fabricar.

Para poder gozar da bonificación, os interesados deberán instar a súa concesión indicando as características do vehículo, a súa matrícula e a antigüedad. Para estes efectos deberán acompañar á solicitude de bonificación os documentos que acrediten o cumprimento dos requisitos para gozar da mesma. No caso de vehículos históricos acreditarásese aportando a catalogación como tal polo órgano competente da comunidade Autónoma. Os interesados deberán presentar a solicitude



antes do 1 de febreiro de cada ano, debendo acreditar que se cumpren os requisitos que dan dereito á bonificación na fecha de 1 de xaneiro ou , se a adquisición é posterior, no momento da alta no Padrón Municipal. . En caso contrario a exención aplicarase desde o exercicio seguinte ao da solicitude.

Declarada a bonificación pola Administración tributaria local, expedirase un documento que acredite a súa concesión.

Artigo 6º: COTA TRIBUTARIA

1.- A cota será ó resultado de aplicar os coeficientes que seguidamente se reflicten segundo os diferentes tipos de vehiculos.

<u>POTENCIA Y CLASE DE VEHICULO</u>		<u>CUOTA/EUROS</u>
A) Turismos		
De menos de 8 cabalos fiscais	1,452	18,32
De 8 hasta 11,99 cabalos fiscais .	1,452	49,48
De 12 hasta 15,99 cabalos fiscais	1,452	104,46
De 16 hasta 19,99 cabalos fiscais	1,467	131,46
De 20 cabalos fiscais en diante	1,495	167,44
B) Autobuses		
De menos de 21 prazas.....	1,452	120,95
De 21 a 50 prazas.....	1,452	172,28
De mas de 50 prazas.....	1,452	215,33
C) Camiones		
De menos de 1000 kgs. de carga útil.....	1,452	61,39
De 1000 a 2999 kgs. de carga útil.....	1,452	120,95
De más 2999 a 9999 kgs. de carga útil.....	1,452	172,27
De más de 9999 kgs. de carga útil.....	1,452	215,33
D) Tractores		
De menos de 16 cabalos fiscais	1,452	25,66
De 16 a 25 cabalos fiscais	1,452	40,32
De mas de 25 cabalos fiscais	1,452	120,95
E) Remolques		
De menos de 1000 y más de 750 Kg de carga útil	1,452	25,66
De 1000 a 2999 Kg de carga útil.....	1,452	40,32
De mas de 2999 Kg de carga útil.....	1,452	120,95
F) Otros vehículos		
Ciclomotores.....	1,452	6,42
Motocicletas hasta 125 cc.....	1,452	6,42
Motocicletas de mas de 125 hasta 250 cc....	1,452	10,99
Motocicletas de mas de 250 hasta 500 cc...	1,452	22,00
Motocicletas de mas de 500 hasta 1000 cc...	1,452	43,98
Motocicletas de mas de 1000 cc.....	1,495	90,57

As cotas derradeiras poderán modificarse pola Lei de Orzamentos Xerais do Estado

2.- Para os efectos de facilitar a aplicación das tarifas, deberanse ter en conta as seguintes regras:

A) O concepto das diversas clases de vehiculos será o recollido na Orde do 16 de Xullo de 1.984. (B.O.E. nº174 de 21 de Julio).



B) A potencia fiscal expresada en cabalos fiscales establecerase de acordo co disposto no artigo 260 do Còdigo de Circulación.

C) Os vehículos definidos como mixtos, todoterreno, mixtos adaptables, mixtos todoterreno, e furgón mixto adaptable e similares polo literal da clave numérica reflexado na ficha técnica, tributarán como turismo, por su potencia fiscal, salvo nos seguintes casos :

- Se o vehículo está habilitado para o transporte de máis de nove persoas incluído o conductor tributará como autobús.

- Se o vehículo estuviere autorizado para transportar máis de 525 kg. De carga útil tributará como camión.

D) Os vehículos denominados autocaravanas serán considerados furgonetas para os efectos de tributación.

E) Os furgóns, excepto o mixto adaptable, tributarán como camiós.

F) As ambulancias e coches funebres tributarán como turismos.

Artigo 7º. PERÍODO IMPOSITIVO E OBRIGA DE CONTRIBUIR

1.- O período impositivo coincide co ano natural, agás no caso de primeira adquisición dos vehículos. Neste caso o período impositivo principiará o día en que se produza dita adquisición.

2.-A data de exhibidade do imposto é o primeiro día do período impositivo.

3.-O importe da cota do imposto prorratearase por trimestres naturais nos casos de primeira adquisición ou baixa do vehículo.

Tamén procederá o prorrateo da cuota nos mesmos termos nos supostos de baixa temporal por sustracción ou robo do vehículo, e dende o momento no que se produza a devandita baixa temporal no Rexistro público correspondente.

Nos supostos de baixa definitiva ou baixa temporal por sustracción ou robo do vehículo e para efectos do prorrateo, os contribuíntes deberán solicitar no seu caso a devolución proporcional das cotas ingresadas.

4.-No suposto de transferencia ou cambio de domicilio con trascendencia tributaria, a cota será irreducible e o obrigado ó pago de imposto será o que figure como titular do vehículo no permiso de circulación o día primeiro de xaneiro.

Artigo 8º. NORMAS DE XESTIÓN

1.- A xestión liquidación e inspección e a revisión dos actos administrativos dictados na vía de xestión tributaria correspondeno concello do domicilio no que conste o Permiso de circulación do vehículo .

1.- No caso de primeira adquisición de vehículo ou reforma que altere a súa clasificación para os efectos do presente Imposto, o suxeito pasivo estará obrigado a practicar no impreso habilitado ó efecto pola Administración tributaria local, a correspondente declaración - liquidación e a realizar o ingreso das débedas tributarias resultantes nas oficinas da tesourería municipal ou nas entidades de crédito debidamente autorizadas. Acompañarase a documentación acreditativa da súa compra ou modificación , o certificado das características técnicas e o Documento nacional de identidade ou Codigo de Identificación Fiscal .

Esta declaración deberá efectuarse no prazo dos trinta días seguintes á adquisición ou reforma devanditas..

2.-Cando se trate de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para a circulación en exercicios anteriores, o pago das cotas anuais do imposto, realizarase durante o prazo que se anunciará publicamente , que terá unha duración de dous meses e estará comprendida dentro do primer semestre do ano.

3.-Neste suposto a recadación das correspondentes cotas tributarias realizarase mediante a expedición de recibos, en base a un padrón anual no que figurarán tódolos vehículos suxeitos ó imposto, así como os suxeitos pasivos titulares dos devanditos vehículos.

4.-O padrón do imposto exporase ó público polo prazo de quince días para que os interesados poidan examinala e , no seu caso, formular as reclamacións oportunas.



Dita exposición ó público e a indicación do prazo de pago das cotas, comunicaráse mediante a inserción de anuncios no Tablón de edictos do Concello, no Boletín Oficial da Provincia, e nun periódico dos de maior tirada da provincia, e producirá os efectos de notificación colectiva a que se refire o art.124.3 da Lei 230/63, de 28 de decembro, Xeral Tributaria.

5.-No caso de primeira adquisición de vehículos ciclomotores cunha cilindrada igual ou inferior a 50cc, os seus propietarios estarán obrigados a presentar nas oficinas do Servizo de Tesourería do Concello ou nas entidades de crédito debidamente autorizadas a correspondente declaración - liquidación mediante o impreso facilitado ó efecto e a realizar o ingreso das débedas tributarias resultantes nas oficinas da tesourería municipal ou nas entidades de crédito debidamente autorizadas, no prazo dunha semana desde a adquisición dos mesmos.

6.-No suposto de transferencia de ciclomotores, o cambio de titularidade deberá ser solicitado no impreso facilitado ó efecto polo transmitente do mesmo.

7.-Nos supostos de baixa definitiva desta categoría de vehículos, os titulares dos mesmos deberán presenta-la correspondente declaración .

Artigo 9º. INFRACCIONS E SANCIONS

Para todo o relativo á calificación de infraccións tributarias e a imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 77 e seguintes da L.X.T.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente Ordenanza foi aprobada de xeito provisorio polo Pleno da corporación na sesión celebrada o día 10 de novembro de 2011. Comezará a rexer o día un de xaneiro de 2012, e continuará vixente mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.